



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A UNIVERSIDADE DE VIGO
E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O
IMPULSO, DIFUSIÓN E MELLORA DA TRANSPARENCIA NA
ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA**

1.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de administración local, en virtude do disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e se determinan as súas competencias, modificado polo Decreto 11/2015, de 5 de febreiro.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas estatutariamente, entre outras, competencias exclusivas en materia de réxime local, correspondéndolle a ditos efectos o desenvolvemento de políticas públicas para garantir un axeitado desenvolvemento das obrigas legais.

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de modernización e reforma administrativa co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente e orientada á prestación de servizos de calidade á cidadanía.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos da Xunta de Galicia no eido local o compromiso de colaboración e apoio no cumprimento da normativa en materia de transparencia, configurada pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Dita lei susténtase en tres piares fundamentais: o primeiro, ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública; o segundo, regular e garantir o dereito de acceso á





información relativa a aquela actividade e o terceiro, establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos. Dentro do seu ámbito de aplicación, atópanse os concellos como destinatarias de boa parte das obrigas que a nova lexislación establece.

2.- Antecedentes Para contribuír ao cumprimento das novas exixencias no ámbito local, a Xunta de Galicia xa habilitou unha plataforma web como instrumento para facilitar a todos os concellos galegos a aplicación das obrigas en materia de transparencia recollidas na lexislación estatal e facilitar á cidadanía unha ferramenta de consulta da información relativa á actividade da administración local.

O novo espazo está aloxado na web www.eidolocal.gal e dende o pasado 10 de decembro de 2015 os municipios que así o desexen poden usalo para facer pública a información ben directamente, ou ben enlazando con outras plataformas que xa tiveran en marcha. Este novo espazo posibilita, ademais, ampliar a transparencia da actividade pública, aglutinando determinado tipo de información actualizada referida a actividade da mesma, facilitando así a súa consulta dunha forma clara, estruturada, entendible e de fácil acceso.

A Universidade de Vigo, ao longo dos últimos anos ten levado a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas en materia de transparencia local que están a ser de grande utilidade para facilitar a implantación e o desenvolvemento da lei estatal nas entidades locais galegas, especialmente naqueles concellos que carecen de medios suficientes para facer fronte a estes novos retos.

Dada a experiencia e capacidades que ten acumuladas a Universidade de Vigo na materia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, está especialmente interesada en colaborar con esta entidade en aras a continuar co apoio que está a prestar aos concellos para o mellor cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia, en concreto, en elaborar manuais, guías e outros instrumentos que fomenten a capacitación, a cultura e os valores propios da





transparencia nos concellos por ser a administración mais próxima á cidadanía e en estudar e propor se é o caso, as distintas posibilidades de mellora da plataforma web do eido local para facilitar o seu uso e que poderán ser tidas en conta pola Xunta de Galicia á hora de abordar futuras actualizacións da mesma.

3.- **Finalidade** Para os efectos sinalados, formalizase coa Universidade Vigo e coa Federación Galega de Municipios e Provincias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2017.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o impulso, difusión e a mellora da transparencia no ámbito local de Galicia. En particular, o obxecto deste convenio consiste no apoio financeiro á Universidade de Vigo para continuar co apoio que está a prestar aos concellos para o mellor cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia.

5.- O instrumento convencional fundaméntase na necesidade de implantar a transparencia en todas as súas variantes, publicidade activa e pasiva e bo goberno, creando marcos de integridade pública. Polo tanto, a transparencia non consiste só en publicar datos sen mais, senón que a información debe de estar correctamente estruturada e ser comprensible, de xeito que a cidadanía a saiba utilizar. O exercicio da transparencia non acaba con publicar a información, senón que hai que divulgala e explicala. Só así será de utilidade e se acadará o obxectivo da transparencia

6.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achega á Universidade de Vigo a cantidade de 40.000,00 € para financiar as actuacións que van desenvolver o obxecto do convenio, financiadas con cargo ás aplicacións orzamentarias e anualidades seguintes:





Aplicación orzamentaria	Ano 2016	Ano 2017
05.21.121A.444.0	14.000,00	26.000,00
TOTAL	40.000,00	

7.- Polo exposto, considerouse xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela 3 de novembro de 2017

asinado dixitalmente)

